

DÍA DE EUROPA

9 DE MAIO



"Buscando o ben dos nosos semellantes, atoparemos o noso."


Platón



DÍA DE EUROPA



Para comezar...comezar...



Falemos de Europa

- Este é o mapa dos países que forman a Unión Europea (UE). Pon os nomes dos países que coñezas.
- Como é a bandeira da UE? Cal é o himno? E a moeda común?
- Por que quixeron moitos países europeos conformar unha unión supranacional? Cales che parece que son os beneficios que lles reporta?
- Onde están algunha das sedes da UE?
- Coñeces algunha das institucións europeas?



Vídeo: Unie dans la diversité

<http://www.youtube.com/watch?v=Z1-kvnRMgol>

* Datos correspondentes ao 2004

Le agora o seguinte texto e tenta ver se tiñas razón nas túas reflexións:

Que sabemos de Europa?

Empezaron sendo seis, despois nove, dez... e agora son vinte e sete os estados membros da Unión Europea (UE). Todas nacións diferentes con vocación de construír xuntas un futuro mellor, en paz. Querren fuxir das guerras que asolaron Europa en outros séculos.

Moitos dos seus obxectivos herdáronse da Comunidade Económica Europea, en vigor dende a década de 1950, porén esta comunidade non adoptou o nome de UE até 1992. A Unión Europea ten moitas actividades, entre as que destacan a creación dun mercado europeo único (ou sexa unha unión aduaneira), dunha moeda única (adoptada por 12 dos 27 Estados membros) e dunha política agrícola, pesqueira, comercial e de transportes común. A Unión Europea desenvolve tamén varias iniciativas para a coordinación das actividades xudiciais e de defensa dos Estados Membros, así como trata de equiparar o desenvolvemento das diversas rexións mediante compensacións económicas, e de fortalecer a propia unión creando vínculos culturais e de cooperación por medio de programas específicos de mantemento de proxectos a escala europea e intercambio de persoas.

Os 27 países soberanos que a forman son: Alemaña, Austria, Bélxica, Bulgaria, Chipre, a República Checa, Dinamarca, Estonia, Finlandia, Francia, Grecia, Hungría, Irlanda, Italia, Letonia, Lituania, Luxemburgo, Malta, Países Baixos, Polonia, Portugal, Romanía, Eslovaquia, Eslovenia, España, Suecia e máis Reino Unido. España incorporouse no ano 1986.

As tres sedes principais da UE atópanse en Bruxelas, Luxemburgo e Estrasburgo.

Os estados conflúen hoxe na convición de que, xunto cos poderes

locais, rexionais e nacionais debe existir un poder europeo asentado nunhas institucións democráticas e independentes, capaces de rexer aqueles sectores nos que unha acción común resulta máis eficaz que a dos Estados por separado: o mercado interior, a moeda, a cohesión económica e social, a política exterior e a seguridade. O desenvolvemento da Unión xa non é un simple proceso técnico cuxa apreciación incumbe unicamente ás institucións ou aos gobernos. A seguridade, o emprego, a política exterior, a defensa e a lexitimidade das nosas institucións afectan directamente a toda a cidadanía.

O máis de medio século de construción europea marcou profundamente a historia do continente e a mentalidade das persoas que o habitan, e modificou os equilibrios de poder. Os gobernos dos Estados membros, calquera que sexa a súa tendencia política, saben que a era das soberanías nacionais absolutas está superada, e que só a unión das súas forzas e a visión dun "destino compartido" permitirá aos antigos estados-nación continuar co progreso económico e social e manter a súa influencia no mundo.

<http://gl.wikipedia.org/wiki/Unión Europea> e <http://www.dicoruna.es/ipe/union/SPIUNION.htm>



Vídeo: La Europa ciudadana

<http://www.youtube.com/watch?v=akcl8A7hR7o>

9 DE MAIO, Día de Europa



Vídeo: 9 de maio de 2010,
día de Europa

<http://www.youtube.com/watch?v=Ro8ayKpgBck>



O significado do día de Europa

O 9 de maio de 1950, Robert Schuman, ministro francés de Asuntos Exteriores, presentou a súa proposta para a creación dunha Europa organizada, requisito indispensable para o mantemento de relacións pacíficas. Esta proposta, coñecida como “Declaración Schuman”, considérase o xerme da creación do que actualmente é a Unión Europea.

Nesta data, cando se lle propuxo á República Federal de Alemaña e ós demais países europeos que quixeron adherirse, a creación dunha Comunidade de intereses pacíficos, Robert Schuman realizou un acto histórico. Tendendo a man aos adversarios de onte, non só borraba os resentimentos da guerra e o peso do pasado, senón que ademais poñía en marcha un proceso completamente novo na orde das relacións internacionais, ao propor a esas vellas nacións que buscaran xuntas, mediante o exercicio en común das súas soberanías, a influencia que cada unha delas era incapaz de exercer en solitario.


Todo comezou ese día e, por iso, no Cumio de Milán de 1985 os xefes de Estado e de goberno decidiron celebrar o 9 de maio como o “Día de Europa”, que xunto co emblema e o himno, é un dos símbolos da identidade política da Unión Europea. No Día de Europa celébranse actividades e festexos que achegan Europa á súa cidadanía e irmandan aos distintos pobos da Unión. O 9 de maio de 1997, a Unión Europea intentou co lema: “Construamos Europa xuntos” e con multitude de celebracións, estimular á cidadanía da Unión para que se involucre cada vez máis nas discusións sobre o futuro da integración europea.

A Europa que, desde entón, se constrúe día a día constituiu o gran proxecto de fins do século XX e unha nova esperanza para o século que se inicia. Extrae a súa dinámica do proxecto visionario e xeneroso dos países fundadores saídos da guerra e levados pola vontade de crear entre os pobos europeos as condicións necesarias para unha paz duradeira.

<http://www.dicoruna.es/ipe/union/9mayo.html#significado>

CUESTIÓN

- Por qué che parece interesante celebrar un día de Europa?
- Por que se escolleu esa data para conmemoralo?
- Averigua dende que ano usamos a moeda común.
- Lema da UE é “Unida na diversidade”, tamén se traduce como “Construamos Europa xunt@s”. Fai unha reflexión sobre el.
- Estes son algúns dos carteis de conmemoración deste día. Propoñémosvos que fagades un por aula e que os expoñades nos taboleiros do centro.



Babel europea

Nos 27 estados que forman parte de Europa, fálanse 23 **linguas diferentes**. Houbo intentos, que non prosperaron, de adoptar unha única lingua. O francés, o alemán... Ningún estado membro quixo renunciar á súa propia lingua. O custo máis facilmente cuantificable da política da UE para desenvolverse en 23 idiomas é o dos seus servizos lingüísticos, é dicir, os servizos de tradución e interpretación, que se encargan de levar a cabo as funcións que todo iso require. Os datos máis recentes (2005) do custo anual destes servizos dan unha cifra de 1.123 millóns de euros, que representan un 1% do orzamento xeral anual da Unión Europea. Din que é moi caro manter este servizo, pero trasladada á poboación da UE, esa cifra representa só 2,28 euros por persoa ao ano.

Más información: <http://www.youtube.com/watch?v=Afk9hE7qptA>

- Sería desexable contar cunha única lingua, unha especie de "eurolingua"?
- Que ventaxas e desvantaxes tería?
- Terán as parlamentarias e os parlamentarios dificultades para tomar decisións con tantos cambios de linguas?
- Din que cada europea ou europeo nos anos vindeiros deberá coñecer a lo menos tres linguas. Ves esa necesidade? Pareceche un enriquecemento coñecer linguas?
- Máis de dous millóns de estudantes cambiaron de país europeo para realizar estudos nos últimos anos. Como cres que inflúe isto no estudo das diferentes linguas europeas?

O poder en Europa



- Se é certo que unha imaxe vale máis que mil palabras. Que dirías da representación feminina nos cargos de poder nos países da Unión europea? Pareceche dabondo?

**Para
saber
algo
máis...**


Para saber algo máis...



O mito de Europa

Na mitoloxía grega, Europa era unha muller fenicia de Tiro que terminaría dando o seu nome ao continente europeo.

Segundo a lenda, Zeus estaba namorado de Europa e decidiu seducila ou violala, sendo ambas versións case equivalentes na mitoloxía grega. Transformouse nun touro branco e mesturouse coas manadas do seu pai. Mentres Europa e o seu séquito recollían flores preto da praia, ela viu ao touro e acariñou os seus costados e, vendo que era manso, terminou por subir ao seu lombo. Zeus aproveitou esa oportunidade e correu ao mar, nadando con ela ás súas costas ata a illa de Creta. Entón revelou a súa auténtica identidade e Europa converteuse na primeira raíña de Creta. O acto amoroso tivo lugar baixo un plátano, árbore que segundo a mitoloxía debe que as súas follas sexan perennes a este acontecemento.



Monumento a Europa de J. Oliveira en Samil - Vigo

CUESTIÓN

- Fenicia e a illa de Creta están no sur de Europa. A veira de que mar están?
- Nas lendas da mitoloxía clásica a opinión da muller non era tida en conta. Pareceche que nesta que rematas de ler sobre Europa hai violencia? En que a concretarías?
- Por que todos os continentes terán nome feminino?















Vídeo: Las instituciones de la Unión Europea

<http://www.youtube.com/watch?v=1A-41JTWgNs>



Esta é a iconografía das principais **institucións europeas**:

Unión Europea	Parlamento	Consello
		
Tribunal de Xustiza Tribunal de Primeira Instancia	Tribunal de Contas	Comité Económico e Social Europeo
		
Comité das Rexións	Banco Europeo de Inversións	Fondo Europeo de Inversións
		
Banco Central Europeo	Defensor do Pobo Europeo	Supervisor Europeo de Protección de Datos
		

<http://www1.dicoruna.es/ipe/union/instituciones/index.htm>

- Investigade a finalidade de cada unha destas institucións e órganos europeos
- Por que credes que predominan as de tipo económico?



Vídeo: ¿Cómo está compuesto el parlamento europeo?

http://www.youtube.com/watch?v=Pn7wrkmN_Qc



- Averigua a composición actual do parlamento europeo. Cantas son mulleres?

Paridade

Referida á proporcionalidade representativa entre mulleres e homes, aplícase como cualificativo: “**Democracia paritaria**”, remite ás discutidas porcentaxes e ás cotas de presenza estatística de mulleres en sectores en que se encuentre pouco representada e propugna a discriminación positiva para conseguir espazos laborais ou políticos nos que, sendo muller, é difícil ou case imposible entrar só por méritos propios, aínda que estes sexan relevantes, xa que os espazos económicos e de poder político se achan monopolizados polos homes.

CUESTIÓNS

- Que porcentaxe de mulleres hai no Parlamento europeo?
- Que países teñen paridade ?
- Está España entre eles?



Acción positiva

Conseguir que as mulleres teñan realmente abertas todas as posibilidades que esta sociedade lles poida ofrecer, ao par cos homes e que ambos colaboren activamente nun mundo máis solidario.

Artigo: Mulleres ao borde dun ataque de paridade política

O único país que ten máis mulleres ca homes no Parlamento europeo é Holanda. Estonia e Suecia seguenlle con paridade de eurodiputados e eurodiputadas.

A muller segue sen estar o suficientemente representada nas instancias políticas, aínda que no universo europeo moito mellor que no nacional. Mentres no mundo só o 18,4% dos representantes en cámaras baixas son mulleres, nos parlamentos nacionais, esta porcentaxe sobe un pouco ata o 21,2% e no parlamento europeo ascende ata o 31%.

A eurodiputada Karin Riis-Jorgensen estivo detrás dunha iniciativa para forzar a paridade nos postos máis altos do escalafón político comunitario: chámouse **send2women**. A súa intención era que coa entrada en vigor do Tratado de Lisboa os catro principais cargos

europeos estiveran ocupados ao 50% por homes e mulleres: o Presidente do Parlamento, o Presidente da Comisión europea, o Presidente do Consello europeo e o Representante de Política Exterior.

Poucos días antes da elección da primeira presidencia europea, as parlamentarias protagonizaron unha concentración nas portas do Parlamento para reclamar que houbera algunha muller no cargos a elixir, xa que todos os candidatos que se rumoreaba que tiñan posibilidades, eran homes.”



<http://www.eudebate2009.eu/spa/article/27232/mujeres-parlamentos-europa-igualdad.html>



Gianluca Costantini

CUESTIÓNS

- Cantos dos 27 países europeos teñen máis parlamentarias que parlamentarios?
- E igual número?
- Sería desexable que os cargos europeos fosen ocupados no 50% por mulleres? Por que?
- Averigua como quedaron repartidos os cargos despois da entrada en vigor do Tratado de Lisboa.
- Que entendemos por acción positiva? Relaciona acción positiva e paridade.
- Buscade argumentos para a paridade.
- Unha das estratexias para a paridade son as “cotas”. Busca información sobre elas.

Carta dos dereitos fundamentais


En Niza, no ano 2000 aprobouse a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea. A continuación están os máis importantes. As e os europeos **temos dereito** a:

- Protección diplomática
- Presunción de inocencia
- Un tribunal imparcial
- Seguridade e hixiene no traballo
- Liberdade de reunión e asociación
- Escoller e exercer unha profesión
- Seguridade social e atención sanitaria
- Protexer o medio ambiente
- Sufraxio no país de residencia
- Liberdade de circulación e residencia
- Acudir ao Defensor/a do Pobo Europeo
- Á afiliación política e sindical
- Á educación
- Á propiedade
- Liberdade de expresión e información
- Respecto á vida privada e de familia
- Liberdade e a seguridade
- Á integridade física e psíquica
- Eliminación da pena de morte
- A non discriminación
- Liberdade de conciencia
- Integración social e profesional das persoas discapacitadas
- Protección dos datos personais

- Dividir a clase en seis grupos heteroxéneos e clasifícase os dereitos da Carta en seis apartados:


- Dignidade
- Liberdade
- Igualdade
- Solidariedade
- Cidadanía
- Xustiza

- Consultar a Carta e mirade se acertáchedes. Veredes que algún dereito pode figurar en varias das categorías propostas.
- Cada grupo escolle un apartado e confeciona unha Campaña de comunicación para dalos a coñecer no centro. Buscade argumentos, temas, imaxes, forma de presentación da campaña en defensa de cada grupo de dereitos.



LECTURA IMAXE

- Nas seguintes viñetas ponse en evidencia un problema que ten a UE. Cal é?



Forges



Chipola



POWER POINT:

Europa pechada



- Investiga como se chama a lei que regula este problema e as últimas disposicións sobre a integración de inmigrantes



Vídeo: Polémica norma sobre repatriación de inmigrantes

<http://www.youtube.com/watch?v=iQGb9QatvQI>



- Despois de ver os dous documentos anteriores reflexiona sobre o problema da inmigración cara Europa e busca máis datos.

A mocidade en Europa

Que é o espazo europeo de educación superior? O Espazo Europeo de Educación superior (EEES) é un ámbito de integración e cooperación dos sistemas de Educación Superior que supera o marco institucional da Unión Europea.

Este espazo de converxencia integra aos 29 países participantes no proceso de Bolonia, e outros 16 que se incorporaron posteriormente, co obxectivo de crear, a partir de 2010, un escenario unificado para promover a mobilidade das persoas estudantes e traballadoras por todo o territorio europeo, así como aumentar o atractivo internacional da educación.

Existen diferentes posibilidades e oportunidades en Europa para realizar actividades de **voluntariado**; algúns exemplos deles son o Servizo Voluntario Europeo, os intercambios da mocidade e os campos de traballo.

Entre as iniciativas que puxo en funcionamento a Unión, destaca o Servizo de Voluntariado Europeo, que implica a participación activa da mocidade nas actividades destinadas a responder as necesidades da sociedade nun amplo abanico de posibilidades. Ademais, permite aprender en termos reais as actividades que se están desenvolvendo nas diferentes organizacións.



O logotipo da Semana Europea da Xuventude sobreimpreso nunha imaxe das reunións celebradas durante a semana no Parlamento Europeo



Vídeo: *Young ideas for Europe*

<http://www.youtube.com/watch?v=cBa10TeZVtQ>



Vídeo: *Servicio voluntario europeo*

<http://www.youtube.com/watch?v=bTrCqsDhKUY>



Vídeo: *Natate: Voluntariado largo plazo en México*

<http://www.youtube.com/watch?v=qYWWqd1pVr4>



- Investiga se aínda hai máis posibilidades de participar en programas europeos.

Sabías que...

- A unidade Europea fixo posible que non houbera guerras entre os seus membros nos últimos 70 anos
- A Oficina do Parlamento Europeo en España ten aberto un **foro de debate** sobre a Carta de Dereitos da Unión. Se queres participar entra en www.wanadoo.es/foros
- A UE dedica máis de 7000 millóns de euros por ano a axuda exterior o que a converte nun dos principais donantes do mundo. Atende a máis de 150 países e territorios. O organismo responsable desta axuda é EuropeAid. Podes consultar en <http://ec.europa.eu/europeaid/>
- Podedes participar no programa EUROSOLA que organiza o Parlamento Europeo anualmente. Hai un concurso entre os centros de secundaria para seleccionar ao alumnado participante. Entra en www.europarl.es para consultar bases e condicións.
- Existe un Portal Europeo da Xuventude que agrupa a máis de 30 organizacións e a milleiros de xoves de toda Europa. Para saber máis visita www.eypej.org
- Tamén existe unha axenda de Europa para 1º da ESO que se pode pedir gratuitamente para o alumnado del centro: www.infoconsumo.es/agendaeuropea



DÍA DE EUROPA

Outras propostas de actividades



1 As mulleres no Parlamento Europeo



Obxectivos

- Recoñecer que a linguaxe ten unha grande carga sexista en todas as linguas.
- Ensinar ao alumnado a buscar alternativas para unha linguaxe máis inclusiva.
- Reflexionar sobre as diferenzas laborais de homes e mulleres no espazo europeo.

- Desvelar a dobre xornada que sofren as mulleres.
- Buscar estratexias de conciliación familia-traballo.

Desenvolvemento

1. Lectura atenta do texto

Apróbase un informe sobre a linguaxe non sexista



WORD:

“A eurocámara aprobou un documento que pretende ser un libro de estilo con recomendacións internas ao Parlamento Europeo para a redacción, e tradución ás vinte e dúas linguas da Cámara, dos textos que produza.

Unha especie de manual que indica como redactar nos escritos oficiais, establecendo orientacións para asegurar, no posible, que a linguaxe non sexista é a norma no canto da excepción en todos os documentos parlamentarios.

Pretende, entre outras cousas, que se faga referencia ás persoas sen especificar o seu sexo ou que se usen formas pasivas e imperativas nos impresos e formularios.

O Grupo de Alto Nivel sobre Igualdade de Xénero e Diversidade trata de impor a corrección política na linguaxe “ posto que inflúe poderosamente nas actitudes, o comportamento e as percepcións”.

- Que quere decir linguaxe sexista e linguaxe inclusiva?
- Reflexión sobre a incomodidade actual das mulleres que non son recoñecidas na lingua ao usárense termos masculinos maioritariamente para nomealas.
- Buscar no texto aprobado as modificacións que propoñen para poder incorporalas habitualmente.
- Facer un **debate** sobre a necesidade ou non dunha linguaxe máis coidada que non exclúa á metade da poboación.

Políticas de igualdade na UE

Desde os seus inicios, a Unión Europea tivo en conta as aspiracións das mulleres e desempeñou unha función importante no recoñecemento do principio de igualdade de trato. A pesar de que a súa plasmación segue atopando obstáculos, os Tratados fundadores da Unión foron inscribindo de xeito progresivo estes dereitos na “lei europea”. Desde 1957, o Tratado de Roma establece que cada Estado membro debe aplicar para homes e mulleres o principio de igual salario por igual traballo. En 1976 unha directiva europea prohibe de xeito máis amplo **toda forma de discriminación vinculada co sexo**. En 1982 lánzase o primeiro programa de accións sobre a igualdade de oportunidades das mulleres. En 1992 apróbase a directiva relativa á protección das embarazadas no lugar de traballo. Deste xeito, nado dunha mera disposición do Tratado de Roma tendente en principio a crear o concepto de **igual salario por igual traballo**, ampliouse posteriormente ata evolucionar cara a un auténtico programa de medidas igualitarias en todos os ámbitos.

2. Ler a entrevista cunha parlamentaria europea que ten ver co mundo laboral

Entrevista a Zita Gurmai: “As mulleres de Europa traballan 54 días máis que os homes”

A socialista Zita Gurmai reclama feminismo aos dirixentes de Europa. Mentres renova a súa candidatura ao Parlamento Europeo, soña con ver ao presidente dos socialistas, Poul Nyrup Rasmussen, como Presidente da Comisión.

Cal é a norma da que se sente máis orgullosa?

A que ataca a diferenza de salarios entre homes e mulleres. A traballo igual, as mulleres gañan un 15% menos que os homes. É coma se traballásemos 54 días máis ao ano.

Defínese vostede como feminista?

Si, aínda que se que ten connotacións negativas. Eu quero facer un bo traballo para as mulleres, os vulnerables, os discapacitados ou os xitanos. O feminismo merece unha mirada máis positiva e debería haber máis homes feministas. Observe a sociedade norueguesa: por lei, o 40% dos consellos de administración das súas empresas debe estar ocupado por mulleres.

Hai algún outro líder europeo non noruegués que se achegue ao seu ideal de feminismo?

Por suposto, Zapatero! Pero non só os necesitamos na esquerda, senón tamén na dereita. O comisario húngaro, Vladimir Spidla, tamén fai moito neste campo. Mesmo o Presidente Durão Barroso, ao substituír cunha muller a cada comisario home que

deixaba o seu posto.

A situación da muller nos países do Leste é mellor que no resto de Europa?

Durante o réxime comunista había cotas para mulleres en política. Agora xa non as hai e só o 10% dos deputados nacionais son mulleres. Canto ao aspecto social, no réxime comunista había un sistema social estable, excelentes garderías, etc.

Entón, cal debe ser a prioridade para alcanzar a igualdade de xénero en Europa?

Primeiro obter a independencia económica. Logo, entender que non hai só un modelo de familia, o tradicional. Por último, necesitamos que os homes se comprometan máis coa vida familiar. Cóntolle a miña experiencia propia: o meu fillo maior ten 20 anos e só pasou tres meses co seu pai durante o seu primeiro; co segundo non sucedeu o mesmo, e a súa relación co pai é totalmente distinta. E unha última cousa, os homes necesitan máis amor, porque se tes máis amor vives máis tempo, e se concilias traballo e familia obtés máis amor.

<http://www.eudebate2009.eu/inc/article/28483/zita-gurmai-mujeres-socialistas-europeas-paridad.html>



Vídeo: Entrevista de Gabilondo a Carmen Romero en CNN+ sobre políticas de igualdade

- Lectura atenta do texto e da entrevista coa parlamentaria europea.
- Por que reclama “feminismo” aos dirixentes europeos? Cres que as e os parlamentarios europeos deberían ser feministas? e ecoloxistas? e pacifistas? Por que?
- Cales parecen ser os adiantos en materia laboral para as mulleres na EU?
- Buscar os datos relativos as diferenzas que aínda hai que superar.
- Redactar un manifesto ou un tema pola igualdade de trato laboral.

Temporalización

2 horas

Modalidade

Individual e grupal

Áreas implicadas

Linguas e titoría

Áreas que poderían estar implicadas e de que forma

Ámbito Sociolingüístico nos Programas de Diversificación Curricular: *A muller e o traballo.*

Matemáticas Aplicadas ás ciencias sociais: *Estadísticas de mulleres no par-*

lamento europeo nas diferentes lexislaturas.

Filosofía, Ética e Filosofía do dereito, Educación para a cidadanía, Ética e cidadanía: *Ética e política.*

E calquera outra área, materia ou módulo dos distintos niveis educativos: ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos de FP, que considere estes materiais axeitados aos seus obxectivos.

Competencias básicas

- Competencia en comunicación lingüística.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.

2 O defensor ou a defensora do pobo

@ WEB:

<http://www.dicoruna.es/ipe/union/instituciones/defensorpueblo.htm>



Obxectivos

- Coñecer o valor dunha institución europea.
- Valorar a posibilidade de facer fronte aos abusos de poder.
- Ensinar ao alumnado a facer unha reclamación.

Desenvolvemento

1. Lectura atenta do texto.

O Defensor ou Defensora do Pobo é un órgano unipersoal que defende os dereitos da cidadanía da Unión ante a Administración Europea. A súa figura foi creada polo Tratado de Maastricht o 7 de febreiro de 1992.

Fai un labor de intermediación entre a cidadanía e as autoridades europeas e ten dereito a recibir e investigar denuncias de persoas, empresas e institucións da Unión, e de calquera persoa que resida ou teña o seu domicilio legal nun país da Comunidade. O cargo é nomeado polo Parlamento Europeo, despois de cada elección e para toda a duración da lexislatura, cinco anos renovables.

O Defensor ou Defensora do Pobo é, por tanto, un cargo público que representa os intereses da cidadanía, ante abusos que poidan cometer os Estados. Axuda a detectar casos de mala xestión nas institucións europeas como:

- inxustizas
- discriminacións
- abusos de poder
- falta ou denegación de información
- atrasos innecesarios
- procedementos incorrectos

Pode facer recomendacións ás institucións da UE e remitir un asunto ao Parlamento, ou sexa, pode tomar calquera tipo de iniciativa política que considere necesaria. Actúa de forma completamente independente e imparcial, sen solicitar nin aceptar instrucións de ningún goberno nin organización.

Esta figura procede da Constitución Sueca que a estableceu en 1809 para dar resposta inmediata á cidadanía, ante abusos de difícil solución por vía burocrática ou xudicial.

Como presentar unha reclamación?

Chega con remitir un escrito relativo a unha queixa xustificada, acompañado de todos os documentos necesarios, no que se especifique o enderezo e a identidade de quen reclama. Non require a utilización de ningún impreso oficial. As reclamacións pódense realizar en calquera das linguas oficiais da Unión Europea.

Convén ter presente que as reclamacións se deben presentar antes de que transcorra o prazo de dous anos contados a partir da data en que se coñezan os feitos aos que se refira a reclamación.

2. Reflexión sobre a figura do defensor ou defensora do pobo.
3. Buscar os datos relativos a quen ocupa o cargo actualmente : nome, nacionalidade, enderezo...
4. Fai unha reclamación sobre algún aspecto da túa realidade no que sufriras algún abuso ou que poida ser mellorada.

Temporalización

1 hora

Modalidade

Individual

Áreas implicadas

Titoría

Áreas que poderían estar implicadas e de que forma

Filosofía, ética e filosofía do dereito, educación para a cidadanía, ética e cidadanía: *Participación cidadana*.

E calquera outra área, materia ou módulo dos distintos niveis educativos: ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos de FP, que considere estes materiais axeitados aos seus obxectivos.


Competencias básicas

- Competencia en comunicación lingüística.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.

3 Novos retos europeos: As fronteiras



WEB ENLACE: <http://www.dicoruna.es/ipe/union/9mayo.html#futuro>



Obxectivos

- Analizar os novos retos que se lle presentan á Unión Europea.
- Fomentar a solidariedade entre pobos.
- Reflexionar sobre o que une aos pobos europeos.
- Repensar as fronteiras.

Desenvolvemento

1. Lectura atenta do texto

Un dos máis grandes retos para o que se preparan actualmente as e os europeos consiste en adaptar a seu ordenamento, deseñado para unha Europa de quince membros, ao funcionamento con vinte e sete membros e en acoller nos vindeiros anos aos novos países da Europa que presentaron a súa candidatura. Como obter os recursos necesarios para permitirles unha nivelación económica e estrutural tan rápida como sexa posible? Como adaptar as institucións para que estas continúen cumprindo a súa misión en favor dunha Unión de máis de vinte e sete membros? Esta é una das tarefas históricas que teñen pendentes na actualidade os Estados da Unión. Será necesario que os novos Estados acepten someterse ás normas comúns da Unión. Deberán comprender que a forza dunha

comunidade se basea no exercicio común de competencias libremente transferidas a institucións encargadas de administrar o ben común da Unión.

A partir da aprobación do tratado de Lisboa se modernizan as institucións e noméase presidente do Consello Europeo por primeira vez. Tamén o Alto Comisionado cambia as súas tarefas e representa a política exterior común dos estados da Unión Europea. Estes cargos poden ter ou non poder real se a unión é una realidade. Existe o perigo de que os intereses individuais das nacións prevalezan sobre os cargos europeos.

Para máis información: http://europa.eu/lisbon_treaty/index_es.htm

2. Pensa nas dificultades que Europa está a atopar nestes momentos.
3. Como nos gustaría que fose Europa?
4. Escribe unha carta a alguén que viva en América contándolle que é ser

européo.

5. Analiza os documentos que veñen a continuación (fotos, cartas, vídeos...) para realizar as actividades que se achegan ao final.



Carta nº 1

Carta dun inmigrante africano á sociedade española

..." Pola noite, mentres esperamos o momento oportuno para poder franquear este muro de separación, dicímonos adeus os uns aos outros, porque, no fondo, ningún de nós sabe que tipo de cartucho utilizarán os militares que vixían o aramado ou si un de nós recibirá un tiro ou en que parte do corpo. Tampouco sabemos como caeremos desde o alto dun aramado de seis metros. E eu preguntome:

será hoxe o meu último día? E durante este tempo, penso nos compañeiros que xa morreron neste intento e sento desfalecer o meu corazón! Penso na miña familia, nos meus amigos que seguen en África, no meu futuro! Que futuro? Non teño ningún? ..."

<http://www.rebelion.org/noticia.php?id=21473>



Vídeo: Emigrantes Ceuta y Melilla de Mangoro Dja

<http://www.youtube.com/watch?v=R5FC41tgjtl>



Carta nº2

"Excelencias, Señores membros e responsables de Europa. Temos o honorable pracer e a gran confianza de escribirlles esta carta para falarlles do obxectivo da nosa viaxe e do sufrimento que padece a infancia e a mocidade de África.

Pero, ante todo, presentámoslles os nosos saúdos máis deliciosos, adorables e respectuosos coa vida. Con este fin, sexan vostedes o noso apoio e a nosa axuda. Son vostedes para nós, en África, as persoas ás que hai que pedir socorro. Suplicámoslles, polo amor do

seu continente, polo sentimento que teñen vostedes cara ao noso pobo e, sobre todo, pola afinidade e o amor que teñen vostedes polas súas crianzas, ás que aman para toda a vida. Ademais, polo amor e a timidez do seu creador, Deus todopoderoso que lles deu todas as boas experiencias, riquezas e poderes para construír e organizar ben o seu continente para ser o máis belo e admirable entre todos.

Señores membros e responsables de Europa, é á súa solidariedade e á súa bondade ás que gritamos polo socorro de África. Axúdenos, sufrimos enormemente en África, temos problemas e carencias no plano dos Dereitos da Infancia.

Entre outros problemas, temos a guerra, a enfermidade, a falta de alimentos. En canto aos dereitos do neno, en África, e sobre todo en Guinea, temos demasiadas escolas, pero unha gran carencia de educación e ensino: agás nos colexios privados, onde se poden ter unha boa educación e un bo ensino, pero fai falta unha forte suma

de diñeiro. Agora ben, os nosos pais son pobres e necesitan alimentarnos.


Ademais, tampouco temos centros deportivos onde poidamos practicar o fútbol, o baloncesto ou o tenis. Por iso nós, a infancia e a mocidade africana, pedímoslles que fagan unha gran organización eficaz para África, para permitírnos progresar. Polo tanto, se vostedes ven que nos sacrificamos e expomos a nosa vida, é porque se sofre demasiado en África.

Con todo, queremos estudar, e pedímoslles que nos axuden a estudar para ser como vostedes en África. En fin, suplicámoslles moi, moi fortemente que nos escusen por atrevernos a escribirlles esta carta a Vostedes, os grandes personaxes a quen debemos moito respecto. E non esquezan que é a vostedes a quen debemos queixarnos da debilidade da nosa forza en África».

Yaguine Koita e Fodé Tounkara

Esa carta levábana consigo Yaguine e Fodé, estudantes guineanos de 15 e 14 anos, cando foron atopados conxelados, no tren de aterraxe do avión que lles levaba clandestinos cara a Europa. As súas mortes foron un mazazo na conciencia europea.

Un dos mozos apertaba contra si a carta, verdadeiro testamento no que ambos, intuindo os riscos da súa aventura, explican os motivos da súa viaxe: pedir axuda para a mocidade de África. Pedir axuda a Europa, «o máis belo e admirable» continente do mundo.





Vídeo: *Welcome 2009*, de Philippe Lioret

<http://www.youtube.com/watch?v=t40ANH4Pe14&feature=related>

Blog: <http://refugiadosenelcine.wordpress.com/2010/04/19/welcome-nos-senala-otra-frontera-calais-francia/>



6. Según datos da Unión Europea : “Desde 1996, unhas 8.000 persoas perdéronse no mar ao intentar chegar ás costas de España, Malta e Italia” Reflexiona sobre eles e repensa o sentido das fronteiras.
7. Prepara un **debate** na túa aula sobre a inmigración: hai que endurecer as leis? Flexibilizalas? Incrementar a axuda aos países pobres...?

Ámbito Sociolingüístico nos Programas de Diversificación Curricular: *Multiculturalidade*

Filosofía, Ética e Filosofía do dereito, Educación para a cidadanía, Ética e cidadanía: *Leis, normas e valores.*

E calquera outra área, materia ou módulo dos distintos niveis educativos: ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos de FP, que considere estes materiais axeitados aos seus obxectivos.

Temporalización

3 horas

Modalidade

Individual e grupal

Áreas implicadas

Historia e titoría.

Áreas que poderían estar implicadas e de que forma

Linguas: inglesa, galega, castelán, francesa : *Escribir as cartas.*

Competencias básicas

- Competencia en comunicación lingüística.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.

Para rematar



Vídeo: *Himno de la alegría* de Beethoven - Miguel Ríos

<http://www.youtube.com/watch?v=sTv-t8-Ssdw>

http://www.youtube.com/watch?v=QPvp_0IGIho



En 1969 o cantante español Miguel Ríos grava o que sería o maior éxito de toda a súa carreira, o Himno á alegría, unha adaptación do último movemento da Novena Sinfonía de Beethoven. En 1970 a gravación en inglés *A Song of Joy* alcanza fama mundial.

En 1985 adóptase a Novena Sinfonía de Beethoven como Himno da Unión Europea. Sen palabras, na linguaxe universal da música, este himno expresa os ideais de liberdade, de paz e de solidariedade que comparten todos os Estados membros.

